

Premios. — O IX Premio ‘Vicente Risco’ de Ciencias Sociais (2004), promovido polos concellos de Allariz e do Castro Caldelas e as Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, outorgóuselle á obra *A Ulfe. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, de Julia Varela Fernández, texto editado por Sotelo Blanco (2004).

A obra é unha homenaxe ás xentes que fixeron posible a rica civilización rural galega. Doce veciños da aldea da Ulfe, no concello de Chantada (Lugo), homes e mulleres de diferentes xeracións, falan nun galego popular (só un, emigrado en Venezuela, usa o castelán) das súas lembranzas e das súas vidas. As súas historias permítennos ver a gran transformación social que ten lugar na Galicia rural, que estoicamente sofre a marusía da «modernización».

— O V Premio ‘Dámaso Alonso’ de Investigación Filolóxica (2003), convocado pola Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz outorgóuse lle a Rodrigo Cacho Casal pola obra *La poesía burlesca de Quevedo y sus modelos italianos*, editada pola devandita Universidade.

— A VI edición do Premio ‘Dámaso Alonso’ (2004) concedéuselle a María do Cebreiro Rábade Vilar pola obra *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*, igualmente editada pola Universidade de Santiago de Compostela.

O propósito da obra de María do Cebreiro Rábade é ensaiar unha teoría das antoloxías

poéticas no contexto literario peninsular, e más específicamente nas comunidades galega e catalá. O eixo do traballo é a idea da *representación*, estreitamente vencellada cos estudos sobre a ficción literaria, pero pouco aducida na bibliografía sobre o fenómeno antolóxico.
[F. F.-R.]